



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 31 DE MARZO DO 2016

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Secretaría:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

En Padrón, sendo as vinte horas do día trinta e un de marzo do dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total os trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

PARTE I.- ADOPCIÓN DE ACORDO

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 9 DE DECEMBRO DE 2015.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o nove de decembro do dous mil quince.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que na páxina 9, na súa quinta intervención, onde di "...ata o cruce da Peregrifa", debe dicir "ata o cruce da Pereirifa".

Non habendo máis alegacións, o señor Presidente somete a votación, coa corrección sinalada, a acta da sesión realizada o día nove de decembro de dous mil quince, a cal resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 17 DE DECEMBRO DE 2015.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o dezasete de decembro do dous mil quince e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

3.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 22 DE DECEMBRO DE 2015.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o vinte e dous de decembro do dous mil quince, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

4.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 28 DE XANEIRO DE 2016.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión ordinaria realizada o vinte e oito de xaneiro do dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

5.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 18 DE FEBREIRO DE 2016.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o dezaioito de febreiro de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

6.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 14 DE MARZO DE 2016.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o catorce de marzo de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

7.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE 117/2016, DO 23 DE FEBREIRO, POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN E ROIS PARA A XESTIÓN COMPARTIDA, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO DESTINADO A PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL "MOCIDADE EN ACCIÓN 2016-TERRAS DE IRÍA".

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 22 de marzo de 2016, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 30 de decembro de 2015 publicouse no DOG número 248 a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

Segundo. O 25 de xaneiro de 2016 publícase no DOG número 15 a Orde do 13 de xaneiro de 2016 pola que se fan públicos os anexos da Orde anterior e na súa disposición adicional establécese que o prazo dun mes para presentar as solicitudes remata desde a publicación desta última.

Terceiro. Por Resolución do Alcalde número 117/2016, do 23 de febreiro, acórdase:

- a) Solicitar, conxuntamente cos Concellos de Dodro e Rois, unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o financiamento obradoiro de emprego "Xuventude en acción 2016-Terras de Iria" con dúas especialidades
 - Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil.
 - Actividades de venta.
- b) Aprobar o texto convenio de colaboración a asinar entre os representantes dos 3 Concellos.
- c) Nomear ao Alcalde de Rois representante para todos os efectos relacionados co convenio.

Cuarto. O mesmo día 23 asínase o Convenio de colaboración e o 24 preséntase a solicitude de subvención no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

Quinto. Por Providencia do Alcalde do 14 de marzo de 2016 solicítase informe á secretaría e intervención municipais sobre a proposta de someter ao Pleno da Corporación Municipal a ratificación da Resolución 117/2016 tal e como se indica na mesma.

Sexto. O 14 de marzo emítese o informe da secretaria municipal e o 15 o do interventor accidental.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao recollido no informe citado da secretaria municipal, cuxos argumentos son asumidos neste acordo como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), debe entenderse que o Convenio de colaboración asinado o 23 de febreiro do 2016 recolle unha encomenda de xestión dos Concellos de Dodro e Padrón ao de Rois para a tramitación da subvención e o desenvolvemento do programa.

Segundo. Considerando que se segundo o artigo 3.3.d) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da

Administración local, non se entende como exercicio de novas competencias e, en consecuencia, están excluídas da tramitación do artigo 7.4 da LBRL, "a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención."

Terceiro. De acordo ao informe do interventor accidental queda acreditado que a prestación deste servizo compartido non pon en risco a sustentabilidade financeira da facenda municipal e non existe duplicidade na prestación deste tipo de programas.

Cuarto. Considerando que a proposta de Convenio é respetuosa coa regulación da figura da encomenda de xestión que realiza o artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), e co contido mínimo que deben incluír este tipo de convenios segundo os artigos 6 e 8 da mesma Lei, ambos de aplicación supletoria á administración local.

Quinto. Considerando que o artigo 47.2.h) da LBRL require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación municipal para aprobar, entre outras materias, a "Transferencia de funciones o actividades a outras Administraciones públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras administraciones, salvo que por Ley se impongan obligatoriamente",

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Ratificar a Resolución do Alcalde número 117/2016, do 23 de febreiro, pola que se acorda aprobar o Convenio de colaboración asinado cos Concellos de Dodro e Rois o 23 de febreiro de 2016 para solicitar e xestionar de maneira compartida unha subvención para o financiamento do obradoiro de emprego "Mocidade en acción 2016-Terras de Iria" ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e en virtude do cal se encomenda ao Concello de Rois a xestión desta subvención, a contratación das actuacións para o suposto de que se conceda e a xustificación dos investimentos, e se designa ao seu Alcalde representante da agrupación para todos os efectos relacionados co convenio.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Conde. Di que o PGD está a favor deste e doutro tipo de servizos que beneficien aos veciños do Concello e da comarca. Pide que nestes obradoiros de emprego se impliquen ás empresas da comarca para que cando rematen os alumnos de facer este curso teñan unha saída laboral e que o sistema de selección deses alumnos sexa o que marca a lei. Dille ao señor Alcalde que, como se vai ver nos seguintes catro puntos, todos son ratificacións e tiñan acordado que este tipo de cousas foran informadas detalladamente por medio de comisión informativa ou xunta de voceiros e non se está cumprindo esa palabra. Que eles non van poñer pegas neste asunto pero que calquera día non lle estrane ao señor alcalde que leve algún voto non desexado.

Sr. Alcalde. Contesta que se falou coa técnica, que se chamou a cada un dos concelleiros e que se lles dou información detallada. Que se quere que se convoque unha comisión, será por comisión, pero cada un dos



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

voceiros está informado igualmente.

Sra. Rey Pazos. Di que si é verdade que lles chamou a técnica pero así non se lles permite a eles aportar algunha suxestión que poderían ter e que se podería tomar en consideración.

Sr. Forján Seoane. Coincide co dito polos concelleiros anteriores e di que a técnica si lles pode informar pero non é a que toma as decisións, senón que as decisións as toman os representantes dos grupos políticos. Que senón se convoca a comisión estáselle impedindo a eles facer as aportacións ou amosar as súas discrepancias e advírte que non sería a primeira vez que se votara en contra.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida polo concelleiro de AxP, señor González Pardal.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

Primeiro. Ratificar a Resolución do Alcalde número 117/2016, do 23 de febreiro, pola que se acorda aprobar o Convenio de colaboración asinado cos Concellos de Dodro e Rois o 23 de febreiro de 2016 para solicitar e xestionar de maneira compartida unha subvención para o financiamento do obradoiro de emprego "Mocidade en acción 2016-Terras de Iria" ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e en virtude do cal se encomenda ao Concello de Rois a xestión desta subvención, a contratación das actuacións para o suposto de que se conceda e a xustificación dos investimentos, e se designa ao seu Alcalde representante da agrupación para todos os efectos relacionados co convenio.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.

8.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE 118/2016, DO 23 DE FEBREIRO, POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN E ROIS PARA A XESTIÓN COMPARTIDA, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "TERRAS DE IRIA III-1".

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 22 de marzo de 2016, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 30 de decembro do 2015 publicouse no DOG número 248 a Orde do 29 de decembro do 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

Segundo. O 25 de xaneiro de 2016 publícase no DOG número 15 a Orde do 13 de xaneiro de 2016 pola que se fan públicos os anexos da Orde anterior e na súa disposición adicional establécese que o prazo dun mes para presentar as solicitudes remata desde a publicación desta última.

Terceiro. Por Resolución do Alcalde número 118/2016, do 23 de febreiro, acórdase:

- a) Solicitar, conxuntamente cos Concellos de Dodro e Rois, unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o financiamento obradoiro de emprego "Terras de Iria III-1" con dúas especialidades
 - Pavimentos e albanelería de urbanización.
 - Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería.
- b) Aprobar o texto convenio de colaboración a asinar entre os representantes dos 3 Concellos.
- c) Aceptar o nomeamento do Alcalde deste Concello como representante para todos os efectos relacionados co convenio.

Cuarto. Os mesmos acordos adoptan os Concellos de Rois e Dodro por Resolucións dos respectivos Alcaldes do 17 e 23 de febreiro do 2016.

Quinto. O mesmo día 23 asínase o Convenio de colaboración e o 24 preséntase a solicitude de subvención no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

Sexto. Por Providencia do Alcalde do 15 de marzo de 2016 solicítase informe á secretaría e intervención municipais sobre a proposta de someter ao Pleno da Corporación Municipal a ratificación da Resolución 118/2016 tal e como se indica na mesma.

Sétimo. O 15 de marzo emítase o informe da secretaria municipal e o 15 o do interventor accidental.


Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao recollido no informe citado da secretaria municipal, cuxos argumentos son asumidos neste acordo como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), debe entenderse que o Convenio de colaboración asinado o 23 de febreiro do 2016 recolle unha encomenda de xestión dos Concellos de Dodro e Rois ao de Padrón para a tramitación da subvención e o desenvolvemento do obradoiro.

Segundo. Considerando que segundo o artigo 3.3.d) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, non se entende como exercicio de novas competencias e, en consecuencia, están excluídas da tramitación do artigo 7.4 da LBRL, "*a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.*"

Terceiro. De acordo ao informe do interventor accidental queda acreditado que a prestación deste servizo compartido non pon en risco a sustentabilidade financeira da facenda municipal e non existe duplicidade na prestación deste tipo de programas.

Cuarto. Considerando que a proposta de Convenio é respetuosa coa regulación da figura da encomenda de xestión que realiza o artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), e co contido mínimo que deben incluír este



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

tipo de convenios segundo os artigos 6 e 8 da mesma Lei, ambos de aplicación supletoria á administración local.

Quinto. Considerando que o artigo 47.2.h) da LBRL require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación municipal para aprobar, entre outras materias, a "*Transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras administraciones, salvo que por Ley se impongan obligatoriamente*",

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Ratificar a Resolución do Alcalde número 118/2016, do 23 de febreiro, pola que se acorda aprobar o Convenio de colaboración asinado cos Concellos de Dodro e Rois o 23 de febreiro de 2016 para solicitar e xestionar de maneira compartida unha subvención para o financiamento do obradoiro de emprego "Terras de Iria III-1" ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e en virtude do cal se encomenda ao Concello de Padrón a xestión desta subvención, a contratación das actuacións para o suposto de que se conceda e a xustificación dos investimentos, e se acepta o nomeamento do Alcalde deste Concello como representante da agrupación para todos os efectos relacionados co convenio.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Conde. Di que se remite ao exposto anteriormente.

Sra. Rey Pazos. Advirte que esta é a última vez que Veciños de Padrón aproba este tipo de de resolucións porque entenden que cando foi aprobada a subvención, a finais de decembro, ata o 23 de febreiro, hai tempo suficiente para convocar á oposición e que teña coñecemento de que, como neste caso, o Concello de Dodro non vai facer aportación económica a esta subvención e así poder tomar as decisións que consideren oportunas. Que o pobo non ten por que pagar a mala xestión do goberno e por iso a van aprobar, pero insiste que é a última vez.

Sr. Alcalde. Dille que non se concedeu a subvención, senón que esta é unha solicitude de subvención.

Sra. Rey Pazos. Aclara que quixo dicir cando se publicaron as bases, a finais de decembro, e foi aprobada a solicitude por resolución da Alcaldía o 23 de febreiro.

Sr. Forján Seoane. Reitera o dito no punto anterior e a maiores di que neste obradoiro teñen previsto levar a cabo un proxecto básico e de execución da urbanización da rúa Costanilla do Carmen e quere que conste que este proxecto ven do ano 2010 e é un dos proxectos que herdaron do anterior goberno e a ver si é verdade que desta vez se executa porque é un regalo.

Sr. Alcalde. Dille que non é un regalo porque fixeron unha solicitude e non lla concederon e ademais diso agora se inclueu o arranxo da parte baixa da escola de Iria.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e

señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleiro de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida polo concelleiro de AxP, señor González Pardal.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

Primeiro. Ratificar a Resolución do Alcalde número 118/2016, do 23 de febreiro, pola que se acorda aprobar o Convenio de colaboración asinado cos Concellos de Dodro e Rois o 23 de febreiro de 2016 para solicitar e xestionar de maneira compartida unha subvención para o financiamento do obradoiro de emprego "Terras de Iria III-1" ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e en virtude do cal se encomenda ao Concello de Padrón a xestión desta subvención, a contratación das actuacións para o suposto de que se conceda e a xustificación dos investimentos, e se acepta o nomeamento do Alcalde deste Concello como representante da agrupación para todos os efectos relacionados co convenio.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.

9.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE 61/2016, DO 28 DE XANEIRO, POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN E ROIS PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA, DO PROXECTO "RECUPERACIÓN E LIMPEZA ENTORNO DO RÍO SAR (DODRO-PADRÓN-ROIS)" AO ABEIRO DA ORDE O 21 DE DECEMBRO DE 2015 DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 22 de marzo de 2016, que di:


<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 28 de decembro de 2015 publicouse no DOG número 246 a Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Segundo. O 22 de xaneiro de 2016 Estudio Técnico Gallego, SA, presenta 2 exemplares do anteproxecto denominado "Recuperación e limpeza entorno do río Sar (Dodro- Padrón-Rois)" asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Julio César Rojo Martínez, colexiado 3.871, cun orzamento de execución por contrata de 119.999,98 €.

Terceiro. Por Resolución do Alcalde número 61/2016, do 28 de xaneiro, acórdase:

- a) Aprobar o anteproxecto anterior.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- b) Solicitar, conxuntamente cos Concellos de Dodro e Rois, unha subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o financiamento do 80% do mesmo.
- c) Aprobar o convenio de colaboración a asinar entre os representantes dos 3 Concellos.

Cuarto. O 28 de xaneiro asínase o Convenio de colaboración e ese mesmo día preséntase a solicitude de subvención no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

Quinto. Por Providencia do Alcalde do 14 de marzo de 2016 solicítase informe á secretaria e intervención municipais sobre a proposta de someter ao Pleno da Corporación Municipal a ratificación da Resolución 61/2016 tal e como se indica na mesma.

Sexto. O 14 de marzo emítase o informe da secretaria municipal e o 15 de marzo de 2016 do interventor accidental.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao recollido nos informes citados da secretaria e interventora municipal, cuxos argumentos son asumidos neste acordo como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), debe entenderse que o texto do Convenio de colaboración recolle unha encomenda de xestión dos Concellos de Rois e Padrón ao de Dodro para a tramitación da subvención e o desenvolvemento da actuación.

Segundo. Considerando que se segundo o artigo 3.3.d) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, non se entende como exercicio de novas competencias e, en consecuencia, están excluídas da tramitación do artigo 7.4 da LBRL, *"a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención."*

Terceiro. De acordo ao informe do interventor accidental queda acreditado que a prestación deste servizo compartido non pon en risco a sustentabilidade financeira da facenda municipal e non existe duplicidade na execución deste tipo de actuacións.

Cuarto. Considerando que a proposta de Convenio é respetuosa coa regulación da figura da encomenda de xestión que realiza o artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), e co contido mínimo que deben incluír este tipo de convenios segundo os artigos 6 e 8 da mesma Lei, ambos de aplicación supletoria á administración local.

Quinto. Considerando que o artigo 47.2.h) da LBRL require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación municipal para aprobar, entre outras materias, a *"Transferencia de funcións o actividades a outras Administracións públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras administraciones, salvo que por Ley se impongan obligatoriamente"*,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Ratificar a Resolución do Alcalde número 61/2016, do 28 de xaneiro, pola que se acorda aprobar o Convenio de colaboración asinado co Concello de Dodro e Rois o 28 de xaneiro de 2016 para solicitar e xestionar de maneira compartida unha subvención para o financiamento do proxecto "Recuperación e

limpeza entorno do río Sar (Dodro-Padrón-Rois)" ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2015 de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e en virtude do cal se encomenda ao Concello de Dodro a xestión desta subvención, a contratación das actuacións para o suposto de que se conceda e a xustificación dos investimentos, e se designa ao mesmo xestor do proxecto e ao seu Alcalde representante da agrupación.

Segundo. Nomear representantes do Concello de Padrón na Comisión de seguimento prevista na cláusula oitava do Convenio de colaboración aos seguintes: don Antonio Fernández Angueira, Alcalde deste Concello, e don José Manuel Pardo Andrade, Alcalde e Concelleiro delegado de obras deste Concello respectivamente.

Terceiro. Nomear representante do Concello de Padrón na Mesa de contratación prevista na cláusula quinta do Convenio de colaboración, no suposto de que esta se constituía, a don Antonio Fernández Angueira, Alcalde deste Concello.

Cuarto. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Aclara, con respecto ao punto anterior, que o goberno anterior non só se limitou a pedir unha subvención senón que tamén fixeron o proxecto que agora se está executando. Que, en canto a este punto, entende que é unha actuación que debería de acometer a Xunta de Galicia porque se está a falar da limpeza do río Sar nos tramos de Rois a Padrón e de Padrón a Dodro e isto é competencia da Consellería de Medio Ambiente e se extralimitan ás competencias municipais. Que este proxecto conta cun orzamento de execución de 119.949 euros e son dúas actuacións dentro dunha actuación, a primeira delas dende a Ponte de Meana ata Padrón e pensa que é claramente insuficiente porque o único que se vai facer é desbrozar as beiras do río e quitar as árbores que poidan entorpecer, pero para nada se fala das zonas que cada inverno son inundables, causando graves prexuízos aos veciños e á propia industria. Que destes 120.000 euros só se financiaría o 80% no caso de que se conceda a subvención e o resto, o 20%, tería que repartirse entre os Concellos de Dodro, cun 27,97%, de Padrón, cun 45,47% e o de Rois, cun 25,56%. Que esta actuación debería buscar unha solución ao problema das enchentas que se producen cada inverno e que debería acometer a Xunta de Galicia e que o Concello de Padrón, nin o de Rois nin o de Dodro teñen que pedir esta subvención, senón que a Consellería de Medio Ambiente cumpla coas súas funcións que non son outras que preservar o medio ambiente e o coidado dos ríos que hai na Comunidade Autónoma.

Sr. Rodríguez Conde. Di que o PGD tamén considera que este proxecto é escaso e insuficiente e o goberno de Padrón ten que loitar por un proxecto máis aló que este pequeno proxecto que o único que vai facer é a limpeza das marxes, desbroce e corta dalgunha árbore, e non se fala do leito do río onde se produce esa saída do seu cauce. Que teñen o seu apoio para ir a Santiago á Consellería competente e loitar para conseguir de maneira urxente que non se repitan as inundacións cando chove tres ou catro días.

Sr. González Parda. Comenta que lle parece un proxecto interesante, pero recalca o dito polos outros concelleiros de intetar buscar unha solución ás inundacións. Que hai que aproveitar este desbroce para intentar facer unha senda peonil pola beira do río que chegue á Meana e volva vir a Padrón.

Sr. Forján Seoane. Di que está de acordo que é necesario, pero non é suficiente e de feito, o ano pasado presentou unha moción cunha reportaxe fotográfico no que se veía gran cantidade de árbores, sobre todo na zona da Escravidude, caídas no cauce do río.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, resultando aprobada por



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes, polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Ratificar a Resolución do Alcalde número 61/2016, do 28 de xaneiro, pola que se acorda aprobar o Convenio de colaboración asinado co Concello de Dodro e Rois o 28 de xaneiro de 2016 para solicitar e xestionar de maneira compartida unha subvención para o financiamento do proxecto "Recuperación e limpeza entorno do río Sar (Dodro-Padrón-Rois)" ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2015 de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e en virtude do cal se encomenda ao Concello de Dodro a xestión desta subvención, a contratación das actuacións para o suposto de que se conceda e a xustificación dos investimentos, e se designa ao mesmo xestor do proxecto e ao seu Alcalde representante da agrupación.

Segundo. Nomear representantes do Concello de Padrón na Comisión de seguimento prevista na cláusula oitava do Convenio de colaboración aos seguintes: don Antonio Fernández Angueira, Alcalde deste Concello, e don José Manuel Pardo Andrade, Alcalde e Concelleiro delegado de obras deste Concello respectivamente.

Terceiro. Nomear representante do Concello de Padrón na Mesa de contratación prevista na cláusula quinta do Convenio de colaboración, no suposto de que esta se constituía, a don Antonio Fernández Angueira, Alcalde deste Concello.

Cuarto. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.

10.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE 95/2016, DO 28 DE XANEIRO, POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO E PADRÓN PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA, DO PROXECTO "ACONDICIONAMENTO ENTORNO DO RÍO SAR (DODRO-PADRÓN)" AO ABEIRO DA ORDE O 23 DE DECEMBRO DE 2015 DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 22 de marzo de 2016, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 29 de decembro de 2015 publicouse no DOG número 247 a Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

Segundo. O 22 de xaneiro de 2016 Estudio Técnico Gallego, SA, presenta 2 exemplares do proxecto técnico denominado "Acondicionamento entorno río Sar (Dodro-Padrón)" asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Julio César Rojo Martínez, colexiado 3.871, cun orzamento de execución por contrata de 75.625,00 €.

Terceiro. Por Resolución do Alcalde número 59/2016, do 28 de xaneiro, acórdase:

- a) Aprobar o proxecto técnico anterior.

- b) Solicitar, conxuntamente co Concello de Dodro, unha subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza" para o financiamento do mesmo, por importe de 50.000 €, equivalente ao 80% do orzamento base de licitación (62.500,00 €).
- c) Aprobar o convenio de colaboración a asinar entre os representantes dos 2 Concellos.

Cuarto. O 29 de xaneiro asínase o Convenio de colaboración e ese mesmo día preséntase a solicitude de subvención no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

Quinto. Por Providencia do Alcalde do 9 de marzo de 2016 solicítase informe á secretaría e intervención municipais sobre a proposta de someter ao Pleno da Corporación Municipal a ratificación da Resolución 59/2016 tal e como se indica na mesma.

Sexto. O 10 de marzo emítase o informe da secretaria municipal e o 14 o do interventor accidental.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que o proxecto técnico aprobado inclúe a construción de beirarrúas e a mellora da capa de rodaxe dos viais que se grañan no mesmo e que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), recolle como unha das competencias propias dos Municipios a "infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" e que ademais o artigo 26.1.a) da mesma Lei recolle como un servizo de prestación obrigatoria en todo Municipio, con independencia da súa poboación, "o acceso aos núcleos de poboación e a pavimentación das vías públicas".

Segundo. Considerando que a proposta de Convenio é respetuosa coa regulación da figura da encomenda de xestión que realiza o artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), e co contido mínimo que deben incluír este tipo de convenios segundo os artigos 6 e 8 da mesma Lei, ambos de aplicación supletoria á administración local.

Terceiro. Considerando que o artigo 47.2.h) da LBRL require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación municipal para aprobar, entre outras materias, a "*Transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras administraciones, salvo que por Ley se impongan obligatoriamente*",


Propoño ao Pleno:

Primeiro. Ratificar a Resolución do Alcalde número 95/2016, do 28 de xaneiro, pola que se acorda aprobar o Convenio de colaboración asinado co Concello de Dodro o 29 de xaneiro de 2016 para solicitar e xestionar de maneira compartida unha subvención para o financiamento do proxecto "Acondicionamento entorno río Sar (Dodro-Padrón)" ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015 de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e en virtude do cal se encomenda ao Concello de Dodro a xestión desta subvención, a contratación da obra para o suposto de que se conceda e a xustificación dos investimentos, e se designa ao mesmo xestor do proxecto e ao seu Alcalde representante da agrupación.

Segundo. Nomear representantes do Concello de Padrón na Comisión de seguimento prevista na cláusula oitava do Convenio de colaboración aos seguintes: don Antonio Fernández Angueira, Alcalde deste Concello, e don José Manuel Pardo Andrade, Alcalde e Concelleiro delegado de obras deste Concello respectivamente.

Terceiro. Nomear representante do Concello de Padrón na Mesa de contratación prevista na cláusula quinta do Convenio de colaboración, no suposto de que esta se constituía, a don Antonio Fernández Angueira, Alcalde deste Concello.

Cuarto. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que están diante doutra actuación que tamén está financiada con fondos europeos. Que foi a empresa Estudio Técnico Gallego quen redactou o proxecto cun orzamento total de 75.625 euros e se solicita unha subvención de 50.000 euros para a súa execución, é dicir, o 80% do seu importe, sendo o 20% restante a repartir entre os dous Concellos. Sinala que onde se vai executar este proxecto é casi na súa totalidade no Concello de Dodro ou en terreos en disputa entre os concellos dende fai cinco anos e a día de hoxe aínda non se fixo ningún deslince. Entende que se debería de empezar por aí para aclarar onde se está actuando si no Concello de Dodro ou no Concello de Padrón. Que esta obra tamén consta de dúas actuacións, a primeira delas na marxe esquerda que conduce dende o galpón do Concello de Padrón ata a desembocadura, no tramo que discorre por debaixo da ponte da vía rápida, na que se pretende asfaltar con aglomerado en quente e a reposición de beirarrúas en terreos que o goberno anterior noutra actuación deixou de executar por ser de Dodro e que agora se intenta corrixir a situación que naquel momento causara malestar. Que coa segunda das actuacións neste tramo non está de acordo e refírese á construción de beirarrúas nun tramo de 240 metros de lonxitude e 1,40 metros de ancho con borde de formigón prefabricado e baldosa hidráulica que co cambio de temperatura terminan levantándose todas. Que esta actuación se executa nun tramo do Camiño de Santiago que supón contará cos permisos ou coa solicitude tramitada diante da Dirección Xeral de Patrimonio e tamén coas da Consellería de Medio Ambiente e non lle consta que existiran eses permisos solicitados ou tramitados no expediente. Que tampouco está de acordo co asfaltado da explanada onde antigamente se celebraba a feira dos porcos porque ese espazo está nunhas condicións óptimas, pois fai catro anos que foi asfaltado polo Concello xa que, uns particulares para impedir que aparcaran as caravanas das atraccións da Pascua levantaron cunha pala o asfalto, e tiveron que coller, de onde non había fondos, e volver tapar o burato. Que non sabe cal é o motivo deste asfaltado agora e si será para que os "gorillas" do domingo poidan facer mellor a súa labor ou si quere construír unha cancha deportiva no lugar. Que se pregunta cantos currunchos do término municipal necesitan que se faga esta actuación e non se fai senón que se vai facer precisamente aquí. Que non quere pensar que estén diante dunha cacicada encuberta e algúns dos que se sentan nas bancadas desta Corporación, e non son do equipo de goberno, non se atreven a dicir isto por razóns varias nas que non vai entrar, porque todos as coñecen.

Sr. Alcalde. Pidelle ao señor Rodríguez Carbia que mida as súas palabras.

Sr. Rodríguez Carbia. Continúa dicindo que alguén ten que chamarlle ás cousas polo seu nome e isto é procurar que os escasos cartos públicos se empreguen da maior maneira posible nunha época tan complicada como esta. Entende que este tipo de actuación deben de beneficiar ao maior número posible de veciños deste Concello e non a dous ou a catro, que teñen todo o dereito si realmente o vial estivera en malas condicións, que non é o caso. Pregunta por que non se arranxan os accesos aos centros educativos que quedan un pouco máis ao norte da actuación que se vai acometer. Que non entende o que está pasando e cando se redactan proxectos para facer actuacións se debería facer con máis seriedade e imparcialidade, procurando buscar a maior rendabilidade para os veciños e veciñas do Concello. Insiste que isto é unha cacicada ou prevenda política.

Sr. Alcalde. Dalle un primeiro aviso ao señor Rodríguez Carbia.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que de cacicada nada e pregunta ao señor Rodríguez Carbia se tivo problemas con algunha persoa de alí. Que se se quere ir ao Instituto hai que ir por alí, porque hai que entrar por Dodro e baixar por alí que é onde dan volta os autobuses e creeron que era conveniente facelo dado que hai charcos de auga e outras necesidades. Pregunta por que é unha cacicada, por favorecer a quen.

Sr. Rodríguez Carbia. Insiste que é actuar nunha explanada que está en perfectas condicións, que o pode ver calquera veciño, e non ten necesidade de asfaltado. Que el non ten problema con ninguén e repite que esa actuación non é necesaria e é tirar cos cartos e facer burla daqueles veciños que non son capaces de entrar ás súas aldeas ou ter os servizos básicos coma unha ambulancia, un camión de butano ou un camión de bombeiros.

Sr. Pardo Andrade. Di que admite o que queira, pero que diga que é unha cacicada por favorecer a alguén é totalmente falso.

Sr. Alcalde. Retíralle a palabra ao señor Rodríguez Carbia e ao señor Pardo Andrade.

Sr. Rodríguez Conde. Di que esta recriminación do compañeiro de CIPa pasa porque o señor Alcalde non fala co resto dos grupos. Que chegaron ao pleno cunha serie de proxectos que agora terán que aprobar si ou non e se tiveran falado co resto das formacións, cada un exporía algunhas necesidades como, por exemplo, no rural como dí o señor Rodríguez Carbia. Que quede claro que eles non farían eses proxectos porque farían outros que son máis necesarios e afectarían a máis número de persoas. Que non se están facendo as cousas como se deberían facer.

Sra. Rey Pazos. Reitera o dito en máis dunha ocasión, que sería necesario facer un listado con todas as necesidades do Concello e así evitar o chegar ao pleno sin saber moi ben por que se fai aquí e non alá e cal é o máis importante. Quere que se aclare por que escolleron estas obras e non outras e así poder entender a decisión.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que creeron que eran necesarias e cada un vai ter a súa idea.

Sra. Rey Pazos. Aclara que non está dicindo que non sexan necesarias, senón que pregunta por que estas sobre outras.

Sr. Alcalde. Di que era un proxecto conxunto con Dodro e tiñan que estar de acordo os dous Concellos.

Sra. Rey Pazos. Di que eles tamén están sendo solidarios con Dodro noutras cousas. Que lle gustaría unha aclaración máis profunda.

Sr. González Pardal. Pregunta en canto á propiedade dos terreos, se están delimitados os terreos.

Sr. Alcalde. Contesta que está certificada a dispoñibilidade. Que pode haber un problema de lindes como dixo o señor Rodríguez Carbia pero pensan que o planeamento é bastante claro.


Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que eses terreos estaban perfectamente delimitados no seu momento e había un acordo entre o señor Vila Brión, Alcalde de Dodro, e o señor Villamor, Alcalde de Padrón, que non se chegou a plasmar nun documento oficial ante notario e nunca dou ningún tipo de problema, pero da noite para a mañá apareceron os problemas sen saber como e o único que saben e que se empezaron a tirar fitos onde estaba o deslinde feito dende facía moito tempo, intentouse chegar a un acordo para facer o deslinde e foi materialmente imposible por parte dun grupo de veciños que se opuxo a calquera tipo de actuación na zona.

Sr. Alcalde. Di que o deslinde está claro.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que habería que aproveitar agora que hai boa sintonía e intentar poñerse de acordo para facer o deslinde para que non haxa unha fonte de conflitos para as Corporacións vindeiras e despois actuar sobre o terreo.

Sr. Alcalde. Insiste que está claro.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que non está claro, porque cando eles levantaron o asfaltado e este Concello o tapou con formigón para que puidesen aparcas os da Pascua, o Concello de Padrón foi denunciado na Consellería de Medio Ambiente por ese asfaltado. Que agora resulta que se lles vai asfaltar outra vez estando ben. Que non o entende.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Forján Seoane. Afirma que si houbo esas denuncias e houbo unha denuncia a Medio Ambiente porque o Concello de Padrón lles impediu que se vertesen ao río os residuos e que fosen ao alcantarillado e á depuradora.

Sr. Alcalde. Di que iso quedou en nada.

Sr. Forján Seoane. Comenta que el nunca entendeu ese problema e non debeu habelo nunca porque foi xerado por tres ou catro persoas, supón que polos seus propios intereses. Que lle xurde unha dúbida nun plano que ten diante, o 3.1, vése a área que comenta o voceiro de CIPa e ve unhas marcas +--+--+ todo ao longo da zona a asfaltar e despois márchase cara o leste no plano, que sería ao oeste na realidade, que é por onde baixan os autobuses ao centro "Macías o Namorado".

Sr. Alcalde. Di que alí hai unha finca sen construción e é diante da primeira finca construída.

Sr. Forján Seoane. Pregunta que significa esa delimitación que hai nese tramo, porque coincide xustamente na zona a asfaltar onde se prantexou o problema.

Sr. Alcalde. Di que nese plano eso é Padrón.

Sr. Forján Seoane. Pregunta por que está certificando a dispoñibilidade de terreos Dodro. Que eles naquel momento dicían que non era Padrón.

Sr. Alcalde. Remata dicindo que non sabe como se xerou o conflito e o único que sabe é que iso é Padrón.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Cinco (5), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios.

VOTOS EN CONTRA: Sete (7), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda non aprobar a proposta de data 18 de marzo de 2016, ao non acadar a maioría absoluta necesaria.

11.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 123/2016 POLA QUE SE APROBA O MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO TÉCNICO DA OBRA "REHABILIACIÓN DA CASA DOS CAPELÁNS SITA NO ATRIO DA EX-COLEXIATA DE SANTA MARÍA DE IRIA FLAVIA. PADRÓN", INCLUÍDA NO PAS/2015.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 22 de marzo de 2016, que di:

<<O Pleno da Corporación Municipal, na sesión realizada o 17 de decembro de 2015, aprobou o proxecto proxecto técnico da obra denominada "Rehabilitación da Casas dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia. Padrón" e a súa inclusión no Plan de acción social (PAS) convocado pola Deputación Provincial da Coruña.

O 18 de febreiro de 2016 recepcionase un requerimento do ente provincial no que poñen de manifesto unha serie de deficiencias no proxecto remitido e no que solicitan que unha vez corrixidas sexan polo órgano competente e que, de ser o Alcalde, se someta posteriormente a ratificación do Pleno da Corporación Municipal,

Por todo elo, propono ao Pleno:

PRIMEIRO. Ratificar a Resolución do Alcalde número 123/2016, do 26 de febreiro, cuxo texto se transcribe a continuación:

"Antecedentes administrativos

Primeiro. O Pleno da Corporación Municipal de Padrón, na sesión extraordinaria realizada o 17 de decembro de 2015, acordou participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña e incluír no apartado PAS-CONVENIOS a obra "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia.Padrón" coa seguinte financiación:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia. Padrón.	132.069,06 €	396.207,19 €	528.276,25 €
SUBTOTAL INVESTIMENTOS PAS-CONVENIOS.	132.069,06 €	396.207,19 €	528.276,25 €

Segundo. No mesmo acordo anterior apróbase o proxecto técnico da obra realizado polo arquitecto Ramón Andrés Rey Otero.

Terceiro. O 18 de febreiro de 2016 recíbese notificación telemática do requerimento da Deputación Provincial no que se solicita que, no prazo de 10 días hábiles, se subsanen as seguintes deficiencias no proxecto técnico:


1. Carece da preceptiva xustificación de cumprimento das condicións establecidas polo Código Técnico da Edificación (RD 314/2006) no canto ao contido dos proxectos (Anexo I) e nos seus diferentes documentos básicos: aforro de enerxía, salubridade, seguridade estrutural, seguridade en caso de incendio e seguridade de utilización e accesibilidade.
2. Na memoria descriptiva se indica que a instalación do ascensor farase nunha fase posterior, nembargantes, tanto no presuposto coma nos planos se inclúe dita actuación.
3. No cálculo dos prezos descompostos das distintas unidades de obra non se teñen en conta os preceptivos costes indirectos, según se indica no artigo 130.1 e 130.3 do RD 1098/2001.
4. Nas descripcións das unidades de obra incluídas no presuposto se prescriben marcas e modelos comerciais concretos.

Cuarto. Examinado o requerimento provincial, o 23 de febreiro do 2016, o arquitecto redactor do proxecto emite informe explicativo sobre a ubicación dos datos relacionados nos tres primeiros apartados do requerimento e presenta o modificado número 1 do proxecto no que se corrixe o relacionado no apartado cuarto.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que os cambios introducidos no proxecto técnico da obra "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia.Padrón" tan só consisten na eliminación de marcas comerciais e/ou a inclusión doutras de características similares ou equivalentes ás indicadas, e que polo tanto non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.

Segundo. Considerando que o artigo 121.1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP), sinala que a adjudicación dun contrato de obras, require a elaboración previa, a supervisión, a aprobación, e a implantación do correspondente proxecto e que a súa aprobación corresponde ao órgano de



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

contratación salvo previsión en contrario.

Terceiro. Considerando as competencias que en materia de contratación atribúe ao Alcalde a lexislación vixente, concretamente a DA 2ª do TRLCSP, pero visto que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local, tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

Cuarto. Considerando a urxencia na aprobación desta modificación dado que o prazo para elo remata o 1 de marzo de 2016 segundo o requerimento provincial e considerando o disposto no artigo 14 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, que di "*Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de un asunto cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente*".

Quinto. Considerano que no requerimento provincial engádese que as modificacións do proxecto, senón son substanciais, poderán ser aprobados por Resolución do Alcalde sen perxuízo da súa ratificación posterior, de ser o caso, polo Pleno da Corporación Municipal,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia para aprobar a modificación do proxecto técnico "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia.Padrón" polos motivos expostos no fundamento de dereito cuarto.

Segundo. Aprobar o modificado número 1 do proxecto técnico denominado "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia.Padrón" realizado polo arquitecto Ramón Andrés Rey Otero no que se recollen os cambios non substanciais con respecto ao aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o 17 de decembro de 2015.

Terceiro. Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque para os efectos do seu coñecemento e ratificación.

Cuarto. Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial da Coruña para a súa inclusión no Plan de accións social (PAS) 2015-CONVENIOS.

Quinto. Notificar o presente acordo ao arquitecto redactor do proxecto técnico e dar traslado do mesmo á Intervención e Secretaría e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque."

SEGUNDO. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que non ten nada que obxectar ao que é o modificado do proxecto en si, pero di que quere que lle garantan que isto non vai significar incremento dos custos na execución das obras, porque non o ten moi claro. Di que terían que empezar a pensar xa nun proxecto de musealización porque entende que ten que ir paralelo ao proxecto de execución das obras. Que o que non se pode é supeditar a que pase o tempo, se teña a obra feita e aínda non se saiba con certeza que é o que se vai meter dentro desa casa.

Sr. Alcalde. Di que na comisión informativa explicouse que o señor Rodríguez Carbia xa tiña falado cuns técnicos do proxecto de musealización e se queren pódense poñer xa en contacto con esa persoa ou senón con outras.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que iso é o que se leva falado dende o principio da lexislatura, o colaborar en temas de interese xeral que redundan en beneficio de todos.

Sr. Rodríguez Conde. Di que están de acordo.

Sra. Rey Pazos. Di que VP vai seguir a liña que leva ata o de agora de absterse nos asuntos que se iniciaron cando eles non estaban.

Sr. Forján Seoane. Lembra o mesmo dos puntos anteriores, que a tramitación non foi a correcta porque foi por resolución.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Ratificar a Resolución do Alcalde número 123/2016, do 26 de febreiro, cuxo texto se transcribe a continuación:

"Antecedentes administrativos

Primeiro. O Pleno da Corporación Municipal de Padrón, na sesión extraordinaria realizada o 17 de decembro de 2015, acordou participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña e incluír no apartado PAS-CONVENIOS a obra "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia.Padrón" coa seguinte financiación:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia. Padrón.	132.069,06 €	396.207,19 €	528.276,25 €
SUBTOTAL INVESTIMENTOS PAS-CONVENIOS.	132.069,06 €	396.207,19 €	528.276,25 €

Segundo. No mesmo acordo anterior apróbase o proxecto técnico da obra realizado polo arquitecto Ramón Andrés Rey Otero.

Terceiro. O 18 de febreiro de 2016 recíbese notificación telemática do requerimento da Deputación Provincial no que se solicita que, no prazo de 10 días hábiles, se subsanen as seguintes deficiencias no proxecto técnico:

5. Carece da preceptiva xustificación de cumprimento das condicións establecidas polo Código Técnico da Edificación (RD 314/2006) no canto ao contido dos proxectos (Anexo I) e nos seus diferentes documentos básicos: aforro de enerxía, salubridade, seguridade estrutural, seguridade en caso de incendio e seguridade de utilización e accesibilidade.

6. Na memoria descriptiva se indica que a instalación do ascensor farase nunha fase posterior, nembargantes, tanto no presuposto coma nos planos se inclúe dita actuación.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

7. No cálculo dos prezos descompostos das distintas unidades de obra non se teñen en conta os preceptivos costes indirectos, según se indica no artigo 130.1 e 130.3 do RD 1098/2001.

8. Nas descripcións das unidades de obra incluídas no presuposto se prescriben marcas e modelos comerciais concretos.

Cuarto. Examinado o requerimento provincial, o 23 de febreiro do 2016, o arquitecto redactor do proxecto emite informe explicativo sobre a ubicación dos datos relacionados nos tres primeiros apartados do requerimento e presenta o modificado número 1 do proxecto no que se corrixe o relacionado no apartado cuarto.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que os cambios introducidos no proxecto técnico da obra "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia.Padrón" tan só consisten na eliminación de marcas comerciais e/ou a inclusión doutras de características similares ou equivalentes ás indicadas, e que polo tanto non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.

Segundo. Considerando que o artigo 121.1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP), sinala que a adjudicación dun contrato de obras, require a elaboración previa, a supervisión, a aprobación, e a implantación do correspondente proxecto e que a súa aprobación corresponde ao órgano de contratación salvo previsión en contrario.

Terceiro. Considerando as competencias que en materia de contratación atribúe ao Alcalde a lexislación vixente, concretamente a DA 2ª do TRLCSP, pero visto que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local, tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

Cuarto. Considerando a urxencia na aprobación desta modificación dado que o prazo para elo remata o 1 de marzo de 2016 segundo o requerimento provincial e considerando o disposto no artigo 14 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, que di "*Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de un asunto cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente*".

Quinto. Considerano que no requerimento provincial engádese que as modificacións do proxecto, senón son substanciais, poderán ser aprobados por Resolución do Alcalde sen perxuízo da súa ratificación posterior, de ser o caso, polo Pleno da Corporación Municipal,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia para aprobar a modificación do proxecto técnico "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia.Padrón" polos motivos expostos no fundamento de dereito cuarto.

Segundo. Aprobar o modificado número 1 do proxecto técnico denominado "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia.Padrón" realizado polo arquitecto Ramón Andrés Rey Otero no que se recollen os cambios non substanciais con respecto ao aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o 17 de decembro de 2015.

Terceiro. Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque para os efectos do seu coñecemento e ratificación.

Cuarto. Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á

